

**Dentro dun programa de dinamización do uso do galego apoiado por Política Lingüística**

## **A Cámara vai elaborar un manual de estilo en rede para as empresas**

**Ferrol. 23/06/2009.** A Cámara de Comercio de Ferrol vén de asinar un novo convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que lle vai permitir á entidade reforzar o seu compromiso coa dinamización da lingua galega no eido empresarial.

Entre as actividades que se van desenvolver cómpre destacar a elaboración dun manual de estilo para as empresas, unha ferramenta que servirá para resolver dúbidas comúns no uso do idioma e que ofrecerá consellos prácticos para facilitar a elaboración de documentos.

Editarase en rede e será un instrumento de uso moi sinxelo con contidos achegados á realidade empresarial e cunha orientación esquemática, práctica e aplicable ás súas rutinas diarias.

Co mesmo obxectivo, outra das iniciativas que se van concretar, ao abeiro do devandito convenio, é un curso en liña de estilo e redacción de documentos que dá continuidade ás actividades formativas realizadas en anos anteriores e que estará adaptado ao contexto e as circunstancias do mundo da empresa.

Con ambas as dúas accións, preténdese, en definitiva, mellorar a calidade na comunicación en lingua galega, asociándoa a parámetros de utilidade, innovación e modernidade.

Asemade, coa renovación deste convenio, a Cámara proseguirá con outras accións de dinamización xa iniciadas en anos anteriores e dirixidas a fomentar o uso do galego no tecido empresarial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e na comunicación interna e externa do propio organismo.

O compromiso da Cámara de Comercio co uso do galego enmárcase no proxecto *Camerlingua* que se iniciou hai dous anos co obxectivo de poñer á disposición das empresas distintas ferramentas destinadas a facilitar o uso do idioma galego no seu traballo diario.

Unha web de servizos lingüísticos, a tradución das cartas e menús dos restaurantes ou un dispositivo dixital de documentos son algunhas das actuacións realizadas pola entidade no ámbito de promoción da lingua.

